

Aguilar de Campoo

Nesta viaxe:

CONCERTO BEMMO

19.30H. PRAZA DE ESPAÑA

Dentro do programa da Festa de San Xoán e San Pedro.

VISITA GUIADA:

10.30H: AGUILAR

Visita organizada pola Banda anfitroia no que poderemos desfrutar das marabillas que a vila de Aguilar de Campoo atesoura.

APERITIVO

12.30: PANTANO

Ágape agasallado pola Banda de Música de Aguilar de Campoo na contorna incomparable do Pantano da vila.

Aguilar de Campoo,
Vila Reguenga dende o
14 de maio de 1255,
foi declarada
Conxunto Histórico Artístico o
20 de xaneiro de 1966

28-29-30 XUÑO 2019

Notas do director



1 Finalidade

Participar como banda convidada polo Concello da Vila Reguenga de Aguilar de Campoo, dentro do programa das Festas de San Xoán e San Pedro.

2 Obxectivos

- **Consolidar** o grupo humano que conforma a BEMMO favorecendo a cohesión da agrupación e respectando, ao mesmo tempo, a singularidade individual de cada integrante.
- **Fomentar** hábitos que favorezan o traballo colaborativo e cooperativo.
- **Tocar e actuar** en espazos non habituais e tomar contacto con outros ámbitos culturais e sociais.
- **Favorecer** un marco de convivencia para o desenvolvemento individual e colectivo baseado na tolerancia, no respecto ás normas establecidas e no sentido cívico e de cidadanía

Consolidar o grupo humano que conforma a BEMMO

Favorecer un marco de convivencia único

Tocar en espazos non habituais

Aguila de Campoo é un gran museo ao aire libre con máis de cen escudos e brasóns repartidos entre casas "solariegas" e pazos. Paseando entre as rúas nos sorprende o castelo e as portas do que foi a cidade medieval.



AGUILAR DE CAMPOO

COMEZA A AVENTURA

A partir de agora, informarémoste de todo o que tes que
saber para poder desfrutar desta viaxe á terra das
afamadas Galletas María.

Non perdades ollo!

28-29-30 XUÑO 2019

Puntos de partida



1 Responsables

- **Alberto Piñeiro:** Director EMMO e BEMMO
- **Malu Balado:** Xerente EMMO
- **María José Santos:** Concelleira de Ensino

2 Participantes

57 membros da BEMMO.

Vid. Normas de Convivencia/ p 06

3 Estancia

- **Hotel Valentín**
Avda. Ronda, 23 - Aguilar de Campoo (Palencia)
reservas@hotelvalentin.com
<https://www.hotelvalentin.com/>
Tlf.: 979 12 21 25

4 Concerto

- **19.30h.** Concerto Encontro Bandas
Praza de España. Aguilar de Campoo
<https://www.bandagaudi.com/fiestas-de-aguilar-de-campoo-2019-san-juan-y-san-pedro/>

5 Programa

- **"A mi madre"** Roque Baños
- **"Suite Galaica"** Antón Alcalde
I. Despertar en la montaña.
II. Noche de Brujas.
III. Danza bruja.
- **"Santa Comba"** Antonio amigo.
- **"Maruxiña"** Antonio amigo.



TLF. DE CONTACTO

- Alberto: 609 639 373
- Malu: 666 515 341

HOTEL VALENTÍN

- Tlf.: 979 122 125

Nos anos 60 Aguilar de Campoo chegou a ter cinco fábricas de galletas, o que lle outorgou o apelativo de "O pobo das galletas". A vila mantén, na actualidade, o maior clúster agro-alimentario do país, amais de un sector turístico que se beneficia das bondades do territorio e do patrimonio natural e cultural que posúe.

28-29-30 XUÑO 2019

Folla de Ruta

28 Venres

- **15.30h: Saída**
Aparcadoiro Praia Batiagueiro. <https://bit.ly/2XbEcrM>
- **18.15h: Primeira Parada**
Restaurante LA PAUSA. Ponferrada. León
- **21.45h: Chegada a Aguilar de Campoo**
Hotel Valentín. [Check in.](#)
- **22.30h: Cea**
Hotel Valentín

29 Sábado

- **09.00: Almorzo**
Hotel Valentín. Restaurante
- **10.30h: Visita Guiada**
Vila Aguilar de Campoo
- **12.30h: Desplazamento ao Pantano**
Aperitivo no Embalse
- **14.30h: Comida**
Hotel Valentín. Resturante
- **15.30h-18.30h: Descanso**
Tempo Libre
- **18.30h: Convocatoria para o concerto**
Hotel Valentín. Recepción
- **19.30h: CONCERTO**
Praza de España. Aguilar de Campoo
- **22.30h: Cea**
Hotel Valentín. Resturante

30 Domingo

- **09.00-10.00: Almorzo**
Hotel Valentín. Restaurante
- **11.00-13.30h: Descanso**
Tempo Libre
- **13.30h: Comida**
Hotel Valentín. Restaurante
- **16.30h: Saída**
Hotel Valentín. Resturante
- **19.45h: Primeira Parada**
Restaurante LA PAUSA. Ponferrada. León
- **22.30h: Chegada a destino**
Aparcadoiro Praia Bastiagueiro. <https://bit.ly/2XbEcrM>



Normas de Convivencia

Para a axeitada realización da actividade, desde o Consello da BEMMO e Dirección da EMMO, elaboráronse unhas normas de convivencia que serán de obrigado cumprimento para os participantes na saída:

1. **AUTORIZACIÓN:** Os menores de idade deberán ser **autorizados por escrito** polo seu pai, nai ou titor/a legal.
2. **NORMAS:** Os participantes deberán seguir as instrucións e indicacións que determinen, en cada momento, os responsables da EMMO e da BEMMO que acudan como responsables a esta viaxe.
3. **ACTIVIDADES:** Durante as actividades culturais e educativas que supoñan desprazamentos, o grupo deberá permanecer unido e en permanente contacto. Queda expresamente prohibida a separación ou disgregación do colectivo.
4. **HOTEL:** Deberanse respectar as normas do establecemento no que se aloxe a BEMMO no referente á utilización dos seus espazos, horarios, silencio, especialmente nas horas de descanso, cumprindo as normas básicas de respecto aos demais e convivencia. De igual xeito, estes mesmos aspectos deberanse seguir tanto nos espazos públicos como nos centros de carácter educativo e cultural que se visiten respectando as normas cívicas básicas.
5. **DISTRIBUCIÓN HOTEL:** No aloxamento, o agrupamento por estancias dos participantes menores de idade faranse atendendo a criterios de conveniencia, idade e xénero.
6. **AUTOCAR:** Durante o viaxe no autocar deberemos seguir as instrucións do condutor e permanecer sentados e co cinto de seguridade posto ata que este estea completamente parado. Dado o espazo limitado do autocar e que cada músico levará amais o seu instrumento, recoméndase que o equipaxe para efectos persoais de cada participante non exceda as dimensión dunha maleta de tamaño reducido: maleta de cabina. Dentro do autocar, deberemos situar a equipaxe de man, bolsos, mochilas etc, nos lugares dispostos para elo e manter libre o corredor central e saídas de emerxencia. Calquera lixo xerado na viaxe deberá ser depositado nos contedores habilitados para este fin. Está prohibido fumar dentro do autocar.
7. **PARADAS NA VIAXE:** Efectuaranse paradas de xeito discrecional cada 2 ou 3 horas aproximadamente. Aínda que o autocar dispón de aseo propio, recoméndase un uso racional do mesmo, e aproveitar as



NOTAS HISTÓRICAS

Aguilar de Campoo

Declarada Conxunto Histórico Artístico o 20 de Xaneiro de 1966

Aguilar de Campoo ostenta o título de **Villa Reguenga** desde que Alfonso X O Sabio concedésello o 14 de maio de 1255.

O 25 de marzo de 1482, Os Reis Católicos conceden o marquesado de Aguilar a favor dos Manrique de Lara, sendo o **I Marques de Aguilar, Don Graci Fernández Manrique de Lara**.



CONXUNTO ARQUITECTÓNICO E NATURAL DE AGUILAR DE CAMPOO



CONXUNTO ARQUITECTÓNICO E NATURAL DE AGUILAR DE CAMPOO

Aguilar de Campoo é un **gran museo ao aire libre** con mais de cen escudos e brasóns repartidos entre casas solariegas e palacios. Paseando entre as rúas sorpréndenos o **castelo** e as **portas** do que foi a cidade medieval.

Mosteiros e igrexas dan boa conta da influencia cultural que exerceu a vila na súa comarca e que aínda hoxe perdura: **Convento de Santa Clara** - aínda habitado por relixiosas- e o **Mosteiros Santa María A Real** -convertido en centro de ensino e museo-.



AGUILAR DE CAMPOO

**Feliz viaxe e
vivide unha experiencia única
da man da vosa música.**

Orgullosos de vós!

DESEÑO MANUAL: MALU BALADO
COORDINADORES VIAXE: ALBERTO PIÑEIRO E MALU BALADO
DIRECTOR EMMO E BEMMO: ALBERTO PIÑEIRO
TÉCNICO ENSINO: ANXO BARREIROS
CONCELLEIRA ENSINO E XUVENTUDE: MARÍA JOSÉ SANTOS

